

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ORDE do 7 de xuño de 2022 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2022/23.

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten o propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás e persegue, como un dos obxectivos básicos para a formación profesional dar unha resposta puntual e axeitada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 39.2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida. Así mesmo, no artigo 42.1 establece que lles corresponde ás administracións educativas, no ámbito das súas competencias, programar a oferta das ensinanzas de formación profesional.

Por outra banda, a dita lei dispón na alínea 10 do artigo 3 que os ciclos de formación profesional básica serán de oferta obrigatoria e carácter gratuíto.

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, regula no seu artigo 27 os cursos de especialización de formación profesional.



O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establece no capítulo V as vías para a obtención dos títulos de formación profesional e os réximes e as modalidades das ofertas de formación profesional. O artigo 19 recolle que as ofertas de accións formativas de formación profesional irán dirixidas á adquisición e á mellora das competencias e das cualificacións profesionais, promoverán a formación permanente e que se organizarán en ciclos formativos e en cursos para unha maior especialización ou formación específica para determinados colectivos, coa finalidade de que as persoas avancen no seu itinerario de formación profesional, independentemente da súa situación en cada momento.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remate o ensino secundario obrigatorio ou o bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de formación profesional do sistema educativo diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

Os ciclos e cursos de especialización incorporados a esta oferta poderán ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, e pola Unión Europea-NextGenerationEU, no marco do programa de cooperación territorial «Plan de modernización da formación profesional», destinado ao redimensionamento da oferta de formación profesional, no marco do compoñente 20 «Plan estratéxico de impulso da formación profesional», do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

O Fondo Social Europeo poderá cofinanciar nun 80 % os ciclos formativos de grao medio, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, obxectivo temático OT10, investir na educación, a formación, incluída a formación profesional para o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente, prioridade de investimento 10.4.

De acordo coas competencias que ten conferidas a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Actualización da oferta*

1. Actualízase a oferta educativa dos ciclos formativos de grao básico, grao medio e grao superior de formación profesional polo réxime ordinario, por curso completo en moda-



lidade presencial, que se relacionan no anexo I, para o curso 2022/23, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Actualízase a oferta dos programas formativos de formación profesional básica.

3. Actualízase a oferta de cursos de especialización polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso académico 2022/23 (anexo II).

Artigo 2. *Número mínimo de solicitudes*

1. Requírese un número mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas de primeira opción por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao profesional básico, grao medio e grao superior, no prazo ordinario de presentación de solicitudes.

2. Nos cursos de especialización exíxese un mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas de primeira opción por cada centro educativo no prazo ordinario de presentación de solicitudes.

Un número menor de solicitudes require a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional para pór en funcionamento esta ensinanza e, mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar ningunha matrícula. A condición do número mínimo de alumnado débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa preinscrición.

3. No caso, de ciclos de grao profesional básico, para constituír un grupo do primeiro curso do ciclo formativo contabilizarase o alumnado de 15, 16 e 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo.

Artigo 3. *Admisión e matrícula nos cursos de especialización*

As instrucións e as datas relativas ao proceso de admisión e matrícula nos cursos de especialización para o curso 2022/23 serán as establecidas no calendario xeral de admisión ás ensinanzas de formación profesional, publicado pola Dirección Xeral de Formación Profesional.

O alumnado admitido por primeira vez nun curso de especialización deberase matricular en todos os módulos que o compoñen.



Artigo 4. Funcionamento dun segundo grupo

Naqueles centros en que estean autorizados dous grupos do mesmo ciclo, deberán cubrir o total de prazas do primeiro grupo antes de pór en funcionamento o segundo grupo, para o cal será necesario contar co número mínimo de solicitudes segundo se indica no artigo anterior.

Disposición adicional primeira. Módulo de Formación en centros de traballo

No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de Formación en centros de traballo e, de ser o caso, o módulo de Proxecto, entenderase a presentación da solicitude como formalización de matrícula, para os efectos de tramitación dos correspondentes convenios para o desenvolvemento do dito módulo.

Disposición adicional segunda. Número mínimo de solicitudes

O disposto no artigo 2 desta orde tamén será de aplicación nos centros privados nas ensinanzas de formación profesional concertadas coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Disposición adicional terceira. Acceso das persoas con título da ESO

As persoas que teñan simultaneamente o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e un título profesional básico accederán ás prazas dos ciclos formativos de grao medio reservadas para as persoas con título profesional básico nos procesos de admisión.

Disposición adicional cuarta. Cálculo da nota de acceso

Para o cálculo da nota de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional empregárase o establecido no parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 22 da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Autorízanse a Dirección Xeral de Formación Profesional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e a Secretaría Xeral Técnica para adoptaren todas as medidas e os actos necesarios para a aplicación desta orde.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ANEXO I

Ciclos formativos autorizados para o curso 2022/23 polo réxime ordinario Modalidade presencial

A Coruña.

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
Ames	15027721	IES Plurilingüe de Ames	CBIFC12	Informática de oficina
Arteixo	15023314	IES de Sabón	CBHOT11	Cociña e restauración
			CBELE11	Electricidade e electrónica
			CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
Arzúa	15027733	IES de Arzúa	CBAGA11	Agroxardinaría e composicións florais
			CBADG11	Servizos administrativos
			CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural
Bergondo	15001033	CFEA de Guísamo	CSAGA02	Paisaxismo e medio rural
Betanzos	15001148	IES As Mariñas	CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CBADG11	Servizos administrativos
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSTMV01	Automoción
			CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados

CVE-DOG: m6odoc85-zzv5-34x7-bag9-naz48kg6wwwx6



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
	15001136	IES Francisco Aguiar	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais
Boiro	15026698	IES Espiñeira	CBIFC11	Informática e comunicacións
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
Boqueixón	15013254	CFEA de Sergude	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural
			CMAGA02	Producción agropecuaria
			CSAGA03	Gandaría e asistencia en sanidade animal
Cambre	15027873	IES Afonso X O Sabio	CBIFC12	Informática de oficina
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
Carballo	15002581	IES Alfredo Brañas	CSCOM02	Comercio internacional
	15027307	IES Isidro Parga Pondal	CBIFC12	Informática de oficina
			CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
	15002591	IES Monte Neme	CBELE11	Electricidade e electrónica
			CBFME11	Fabricación e montaxe
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMFME01	Mecanizado
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
CSELE02			Sistemas de telecomunicacións e informáticos	
Cedeira	15026376	IES Punta Candieira	CBELE11	Electricidade e electrónica
			BCCOM11	Servizos comerciais
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMIMA03	Mantemento electromecánico
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSIMA03	Mecatrónica industrial
Cee	15003212	IES Agra de Raíces	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
	15003224	IES Fernando Blanco	CBELE11	Electricidade e electrónica
			CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMIMA03	Mantemento electromecánico
			CMADG01	Xestión administrativa



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CSADG01	Administración e finanzas
Coruña, A	15005385	CEE María Mariño	CBARG60	PFB de Reprografía
			CBHOT60	PFB de Servizos de restauración
			CBAGA61	PFB de Xardinaría e viveirismo
	15005336	CEE Nosa Señora do Rosario	CBSSC61	PFB de Actividades domésticas
			CBSSC60	PFB de Limpeza de edificios
			CBIMP60	PFB de Peiteado
	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
			CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			CMSAN02	Farmacia e parafarmacia
			CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
			CSSSC03	Animación sociocultural e turística
			CSSAN01	Audioloxía protésica
			CS19003	Dietética
			CSSSC01	Educación infantil
			CSSAN09	Hixiene bucodental
			CSSAN04	Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear
			CSSSC02	Integración social
			CSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico
			CSSSC04	Mediación comunicativa
			CSSAN02	Próteses dentais
			CSSEA04	Química e saúde ambiental
	CSSAN07	Radioterapia e dosimetría		
	15027800	CIFP Imaxe e Son	CSIMS03	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos
			CSIMS05	Iluminación, captación e tratamento de imaxe
			CSIMS01	Produción de audiovisuais e espectáculos
			CSIMS02	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
			CSIMS04	Son para audiovisuais e espectáculos
	15027897	CIFP Paseo das Pontes	CBHOT12	Aloxamento e lavandaría
			CBTCP11	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel
			CMHOT01	Cociña e gastronomía
CMTCP01			Confección e moda	
CMINA03			Elaboración de produtos alimentarios	
CMINA01			Panadaría, repostaría e confeitaría	
CMHOT02			Servizos en restauración	



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CSHOT04	Dirección de cociña
			CSHOT05	Dirección de servizos de restauración
			CSTCP01	Patronaxe e moda
			CSINA02	Procesos e calidade na industria alimentaria
	15024513	CIFP Someso	CBMAM11	Carpintaría e moble
			CBFME11	Fabricación e montaxe
			CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CBIMP11	Peiteado e estética
			CBEOC11	Reforma e mantemento de edificios
			CMMAM01	Carpintaría e moble
			CMTMV01	Carrozaría
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMIMP01	Estética e beleza
			CMFME01	Mecanizado
			CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar
			CMFME02	Soldadura e caldeiraría
			CSTMV01	Automoción
			CSFME02	Construcións metálicas
			CSMAM01	Deseño e amoblamento
			CSIMP01	Estética integral e benestar
			CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado
			CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica
			CSEOC01	Proxectos de edificación
			CSEOC02	Proxectos de obra civil
	15027770	IES A Sardiñeira	CMQUI02	Operacións de laboratorio
			CSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade
			CSQUI02	Química industrial
	15005233	IES Agra do Orzán	CSAFD02	Acondicionamento físico
			CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva
	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	CBIFC11	Informática e comunicacións
			CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSADG02	Asistencia á dirección



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
			CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web
	15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	CSHOT02	Axencias de viaxes e xestión de eventos
			CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas
	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	CMCOM01	Actividades comerciais
			CSCOM02	Comercio internacional
			CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais
	15004204	IES Rosalía Mera	CBARG11	Artes gráficas
			CBMAM11	Carpintería e moble
			CBFME11	Fabricación e montaxe
			CMARG01	Impresión gráfica
			CMMAM02	Instalación e amoblamento
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMFME01	Mecanizado
			CMARG02	Preimpresión dixital
			CMFME02	Soldadura e caldeiraría
			CSARG01	Deseño e xestión da produción gráfica
			CSIMA03	Mecatrónica industrial
	15005269	IES Urbano Lugrís	CBELE11	Electricidade e electrónica
			CBIFC12	Informática de oficina
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMIMA03	Mantemento electromecánico
			CSELE03	Automatización e robótica industrial
CSELE04			Mantemento electrónico	
CSELE02			Sistemas de telecomunicacións e informáticos	
CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados			
Culleredo	15005749	CIFP Universidade Laboral	CBAFD11	Acceso e conservación en instalacións deportivas
			CBELE11	Electricidade e electrónica
			CBFME11	Fabricación e montaxe
			CBTMV12	Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo
			CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMIMA01	Instalacións frigoríficas e de climatización
CMMAP04	Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións			



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CMMAP03	Navegación e pesca de litoral
			CSAFD02	Acondicionamento físico
			CSELE03	Automatización e robótica industrial
			CSIMA01	Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos
			CSENA01	Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica
			CSENA02	Enerxías renovables
			CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva
			CSIMA02	Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos
			CSIMA03	Mecatrónica industrial
			CSMAP03	Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións
			CS17004	Prevención de riscos profesionais
			CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
			CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
			CSMAP02	Transporte marítimo e pesca de altura
Curtis	15022620	IES de Curtis	CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CBADG11	Servizos administrativos
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
Fene	15032081	IES de Fene	CBFME11	Fabricación e montaxe
			CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMIMA01	Instalacións frigoríficas e de climatización
			CMIMA03	Mantemento electromecánico
			CMFME02	Soldadura e caldeiraría
Ferrol	15006729	CEE Terra de Ferrol	CBHOT60	PFB de Servizos de restauración
			CBAGA61	PFB de Xardinaría e viveirismo
	15006754	CIFP Ferrolterra	CBMAM11	Carpintaría e moble
			CBELE11	Electricidade e electrónica
			CMMAM01	Carpintaría e moble
			CMTMV01	Carrozaría
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CMTMV07	Mantemento de estruturas de madeira e moblaxe de embarcacións de recreo
			CMFME01	Mecanizado
			CMFME02	Soldadura e caldeiraría
			CSELE03	Automatización e robótica industrial
			CSTMV01	Automoción
			CSFME02	Construcións metálicas
			CSFME03	Deseño en fabricación mecánica
			CSELE04	Mantemento electrónico
			CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
			CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
	15021469	CIFP Leixa	CBARG11	Artes gráficas
			CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
			CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			CMSAN02	Farmacia e parafarmacia
			CMARG01	Impresión gráfica
			CMARG02	Preimpresión dixital
			CSSSC03	Animación sociocultural e turística
			CSARG02	Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia
			CSSSC01	Educación infantil
			CSSAN09	Hixiene bucodental
			CSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico
			CSSSC05	Promoción de igualdade de xénero
	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	CBIFC12	Informática de oficina
			CMCOM01	Actividades comerciais
			CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSADG02	Asistencia á dirección
			CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
			CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web
			CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva
			CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas
			CSCOM04	Márketing e publicidade



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CSEOC01	Proxectos de edificación
			CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais
	15028038	ESCO Náutico-Pesqueira	CSMAP03	Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións
			CSMAP02	Transporte marítimo e pesca de altura
	15006742	IES Concepción Arenal	CMQUI02	Operacións de laboratorio
			CSSEA04	Química e saúde ambiental
	15006687	IES de Catabois	CBINA60	PFB de Actividades auxiliares na industria alimentaria
			CBCOM61	PFB de Almacén
	15025645	IES Ricardo Carvalho Calero	CBIMP11	Peiteado e estética
			CMIMP01	Estética e beleza
			CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar
			CSIMP01	Estética integral e benestar
15006791	IES Saturnino Montojo	CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son	
Melide	15008817	IES de Melide	CBMAM11	Carpintería e moble
			CMMAM01	Carpintería e moble
Mugardos	15025657	IES de Mugardos	CBAGA11	Agroxardinaría e composicións florais
Muros	15026388	IES Plurilingüe Fontexería	CBIFC12	Informática de oficina
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
Narón	15026455	IES Terra de Trasancos	CBELE11	Electricidade e electrónica
			CBCOM11	Servizos comerciais
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
Negreira	15026391	IES Xulián Magariños	CBCOM11	Servizos comerciais
			CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
			CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
Noia	15026731	IES Campo de San Alberto	CBELE11	Electricidade e electrónica
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico
	15010812	IES Virxe do Mar	CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son
Oleiros	15027228	IES María Casares	CBELE11	Electricidade e electrónica
Ordes	15027782	IES Ordes	CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CBADG11	Servizos administrativos



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMADG01	Xestión administrativa
Ortigueira	15020544	IES de Ortigueira	CBMAM11	Carpintaría e moble
			CMMAM01	Carpintaría e moble
Padrón	15023090	IES Macías o Namorado	CBELE11	Electricidade e electrónica
			CBADG11	Servizos administrativos
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSELE03	Automatización e robótica industrial
Pobra do Caramiñal, A	15025530	IES da Pobra do Caramiñal	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			CS19003	Dietética
Ponteceso	15026406	IES Eduardo Pondal	CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CBADG11	Servizos administrativos
			CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
Pontedeume	15025682	CIFP Fraga do Eume	CBHOT11	Cociña e restauración
			CMHOT01	Cociña e gastronomía
			CMINA01	Panadaría, repostaría e confeitaría
			CMHOT02	Servizos en restauración
			CSHOT02	Axencias de viaxes e xestión de eventos
			CSHOT04	Dirección de cociña
			CSHOT05	Dirección de servizos de restauración
			CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos
Pontes de García Rodríguez, As	15025694	IES Moncho Valcarce	CSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade
	15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	CBIFC12	Informática de oficina
			CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
Porto do Son	15027691	IES de Porto do Son	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre
Rianxo	15026807	IES Félix Muriel	CBCOM11	Servizos comerciais
			CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
Ribeira	15014556	CIFP Coroso	CBINA11	Industrias alimentarias
			CBTMV12	Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo
			CBTMV11	Mantemento de vehículos



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	
			CMTMV01	Carrozaría	
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	
			CMIMA01	Instalacións frigoríficas e de climatización	
			CSELE03	Automatización e robótica industrial	
			CSTMV01	Automoción	
			CSIMA02	Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	
			CSINA02	Procesos e calidade na industria alimentaria	
	15027812	ESCO Oficial Náutico-Pesqueira		CMMAP04	Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións
				CMMAP03	Navegación e pesca de litoral
				CSMAP03	Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións
	15027711	IES Leliadoura		CBIFC11	Informática e comunicacións
				CBADG11	Servizos administrativos
				CMADG01	Xestión administrativa
				CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
CSADG01				Administración e finanzas	
CSIFC02				Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	
Santa Comba	15026030	IES Terra de Xallas	CBHOT11	Cociña e restauración	
			CBTMV11	Mantemento de vehículos	
			CMADG01	Xestión administrativa	
			CSADG01	Administración e finanzas	
Santiago de Compostela	15027502	CEE Manuel López Navalón	CBMAM60	PFB de Carpintería	
			CBVIC60	PFB de Cerámica	
			CBTCP60	PFB de Costura	
			CBAGA60	PFB de Producións agrícolas	
			CBHOT60	PFB de Servizos de restauración	
	15016000	CIFP Compostela		CBHOT12	Aloxamento e lavandería
				CBARG11	Artes gráficas
				CBHOT11	Cociña e restauración
				CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
				CMHOT01	Cociña e gastronomía
				CMARG01	Impresión gráfica
				CMINA01	Panadaría, repostaría e confeitaría
				CMARG02	Preimpresión dixital



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CMHOT02	Servizos en restauración
			CSHOT04	Dirección de cociña
			CSHOT05	Dirección de servizos de restauración
			CSSSC01	Educación infantil
			CSSSC02	Integración social
			CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos
	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	CBMAM11	Carpintaría e moble
			CMMAM01	Carpintaría e moble
			CMTMV01	Carrozaría
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
			CMQUI02	Operacións de laboratorio
			CMFME02	Soldadura e caldeiraría
			CSELE03	Automatización e robótica industrial
			CSTMV01	Automoción
			CSFME02	Construcións metálicas
			CSMAM01	Deseño e amoblamento
			CSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade
			CSELE04	Mantemento electrónico
			CSIMA03	Mecatrónica industrial
			CSSEA04	Química e saúde ambiental
			CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
			CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
	15026753	IES A Pontepedriña	CBCOM11	Servizos comerciais
			CMCOM01	Actividades comerciais
			CSCOM02	Comercio internacional
			CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais
	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	CBIFC12	Informática de oficina
			CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son
	15027058	IES As Fontiñas	CBADG11	Servizos administrativos
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
			CSADG02	Asistencia á dirección



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CSEOC01	Proxectos de edificación
			CSEOC02	Proxectos de obra civil
	15023466	IES Lamas de Abade	CBIMP11	Peiteado e estética
			CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			CMIMP01	Estética e beleza
			CMSAN02	Farmacia e parafarmacia
			CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar
			CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
			CSSAN08	Documentación e administración sanitarias
			CSIMP01	Estética integral e benestar
			CSSAN02	Próteses dentais
			15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro
	CSHOT02	Axencias de viaxes e xestión de eventos		
	CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva		
	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas		
15021482	IES San Clemente	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	
		CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	
		CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	
		CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	
Vimianzo	15026418	IES Terra de Soneira	CBADG11	Servizos administrativos
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
Zas	15027368	IES Maximino Romero de Lema	CBIFC12	Informática de oficina
			CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes

Lugo.

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
Becerreá	27000617	CFEA Alta Montaña	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural
			CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural
	27016315	IES de Becerreá	CBELE11	Electricidade e electrónica
Burela	27013958	IES Monte Castelo	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva
			CSSEA04	Química e saúde ambiental
	27013934	IES Perdouro	CBFME11	Fabricación e montaxe



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CBADG11	Servizos administrativos
			CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
			CMFME01	Mecanizado
			CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar
			CMADG01	Xestión administrativa
			CSADG01	Administración e finanzas
Castro de Rei	27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	CBAGA12	Actividades agropecuarias
			CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural
			CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural
Cervo	27016509	IES Marqués de Sargadelos	CBIFC12	Informática de oficina
			CSQUI02	Química industrial
Chantada	27003175	IES Val do Asma	CBIFC12	Informática de oficina
			CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CSADG01	Administración e finanzas
Fonsagrada, A	27014811	IES Plurilingüe Fontem Albei	CBAGA12	Actividades agropecuarias
			CBIFC12	Informática de oficina
Foz	27020562	IES de Foz	CBHOT11	Cociña e restauración
			CBADG11	Servizos administrativos
			CMHOT01	Cociña e gastronomía
			CMHOT02	Servizos en restauración
			CSHOT04	Dirección de cociña
Guitiriz	27016200	IES Poeta Díaz Castro	CBFME11	Fabricación e montaxe
			CMFME02	Soldadura e caldeiraría
Lugo	27014057	CEE Santa María	CBIMP60	PFB de Peiteado
			CBAGA61	PFB de Xardinaría e viveirismo
	27006528	CIFP As Mercedes	CBTMV11	Mantemento de vehículos
			CBIMA11	Mantemento de vivendas
			CMCOM01	Actividades comerciais
			CMTMV01	Carrozaría
			CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			CMIMA01	Instalacións frigoríficas e de climatización
			CSTMV01	Automoción
			CSENA01	Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica
			CSTMV03	Mantemento aeromecánico de avións con motor de pistón (só os módulos de segundo curso)



Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
			CSTMV04	Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina
			CSIMA02	Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos
			CSCOM04	Márketing e publicidade
			CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais
	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	CBMAM11	Carpintaría e moble
